



COMUNICADO AOS MEDIOS CO ROGO DA SÚA DIFUSIÓN

## O Alcalde esgota a derradeira oportunidade para corrixir a desfeita do canon de saneamento

As declaracións feitas a bombo e platillo durante a pasada campaña electoral polo noso Alcalde, Isaac Vila, anunciando que baixaría o canon de Saneamento e Depuración **“se o PP gañaba as eleccións, xa que así a Xunta financiaría as obras que motivaron esa nova taxa”** publicamente reiteradas despois da cita coas urnas, vanse quedar, como tantas outras promesas do noso rexedor ao longo da súa dilatada vida política, en palabras que leva o vento.

No pleno deste xoves, 30 de abril, foi rexeitada pola maioría do PP a alegación que presentara o Bloque Nacionalista Galego á ordenanza que estableceu estas tarifas en decembro pasado, co cal se esvaecerá a derradeira oportunidade para corrixir esta desfeita e as veciñas e veciños de Xinzo comezarán a sentir os efectos da suba nos seus vindeiros recibos nun 27% para os cidadáns da vila e en máis dun 120% para os do rural. En conxunto a concesionaria, Aquagest, ten garantidos uns ingresos mínimos anuais de máis de 900 mil euros durante os 30 anos que durará o contrato.

O Partido Popular co alcalde, Isaac Vila, á fronte, demostrando un total desapego polos intereses municipais e facendo oídos xordos ás máis de dúas mil sinaturas recollidas polo noso grupo, van facer que a xestión do servizo de mantemento das depuradoras e da rede de sumidoiros, xunto coa rede de abastecemento, estean en mans dunha única empresa privada, hipotecando a xestión de todas as vindeiras corporacións e asegurando á concesionaria un volume de facturación garantido de máis de 34 millóns de euros de hoxe, que terán que saír dos petos de todos os veciños e veciñas de Xinzo. Todo isto mediante unha ampliación de contrato de dubidosa legalidade, sen un estudo rigoroso e sen abrir a posibilidade de que outras empresas fixeran ofertas máis competitivas.

Esgotada a opción da alegación no BNG non descartamos de momento ningunha outra medida e **seguiremos a traballar para que o alcalde cumpra a súa promesa de rebaixar as tarifas**, rebaixa que como xa anunciamos no seu momento tampouco vai poder ser moi significativa (máximo 1,21€/mes) xa que a consolidación da adxudicación a Aquagest nas condicións actuais limita gravemente as posibilidades de intervención do Concello.

Amador Díaz Penín  
Portavoz do Grupo Municipal do BNG no Concello de Xinzo da Limia

Xinzo da Limia | 01-05-2009

Máis información en: [www.bng-xinzo.org](http://www.bng-xinzo.org)



Grupo Local do Bloque Nacionalista Galego de Xinzo da Limia  
Multicentro, 1ºP, L18 – 32630 Xinzo da Limia, Ourense (Galiza, UE) \* Tlf/Fax: 988 461 360

[info@bng-xinzo.org](mailto:info@bng-xinzo.org) | [www.bng-xinzo.org](http://www.bng-xinzo.org)